



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DA CORUÑA E A CONSELLERÍA DO MAR PARA A REALIZACIÓN DA ACCIÓN DE INVESTIGACIÓN: ASPECTOS BÁSICOS DA BIOLOXÍA DE POLIQUETOS EXPLOTADOS NAS COSTAS DE GALICIA. CRITERIOS PARA A XESTIÓN DAS POBOACIÓNS EXPLOTADAS. CIMA 18/05.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar

DECLARA:

Que esta Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro ten previsto formalizar coa Universidade da Coruña, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abranque dende o 1 de febreiro de 2019 ata o 31 de decembro de 2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto: establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería do Mar e a UDC para a realización da acción de investigación: Aspectos básicos da bioloxía de poliquetos explotados nas costas de Galicia. Criterios para a xestión das poboacións explotadas. CIMA 18/05.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A Universidade da Coruña como institución de servizo público está aberta á sociedade e ten, entre outros, como fins prioritarios, fomentar a investigación e difundir a cultura no seo da sociedade. Para o mellor cumprimento dos seus fins, a Universidade da Coruña manterá relacións cos centros de investigación e con institucións culturais e sociais, e impulsará a celebración de convenios de investigación con entidades e organismos públicos e privados, así como de contratos para a realización de traballos de carácter científico, técnico ou artístico.

O obxectivo fundamental deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería do Mar e a UDC para a realización da acción de investigación: *Aspectos básicos da bioloxía de poliquetos explotados nas costas de Galicia. Criterios para a xestión das poboacións explotadas. CIMA 18/05.*





No artigo 34.1, da lei 14/2011, do 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación prevese que poderán celebrar estes convenios, os propios axentes públicos entre si, ou con axentes privados que realicen actividades de investigación científica e técnica, nacionais, supranacionais ou estranxeiros. O Centro de Investigacións Mariñas (CIMA) pertencente á Consellería do Mar exerce as funcións relativas á actividade investigadora e, particularmente ás referidas ás áreas de procesos oceanográficos costeiros, recursos mariños, acuicultura e patoloxía segundo o disposto no Decreto 168/2015, do 13 de novembro, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato, quedando fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, tal e como se establece no seu artigo 6, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

